



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/10/2007 16:44
Nº Rexistro: 24352
Data envío: 16/10/2007 16:44:23.196

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Bieito Lobeira Domínguez, deputada e deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta escrita, relativa á mellora da oferta de ensinanzas náutico pesqueira na comarca do Barbanza.

A actividade pesqueira-marisqueira é un dos motores económicos da economía galega, que ocupa a máis de 120.000 persoas. Unha das rías máis ricas e produtivas – non só da Galiza, senón de todo Europa- é a de Arousa, da que viven aproximadamente 26.000 persoas. Mellorar a formación e capacitación profesional das persoas que viven das actividades do mar é un obxectivo que debe perseguir o Goberno Galego, dada a relevancia que esta actividade ten no noso país.

Con ese obxectivo -mellorar a prestación de servizos- asinouse o pasado mes de Abril de 2006 o traspaso a Galiza de varios centros e equipamentos que viña xestionando o “Instituto Social de la Marina”.

Esta transferencia inclúe as políticas activas de emprego que xestionaba o ISM. No referente á comarca da Barbanza afectou á escola de formación profesional Náutico Pesqueira e as oficinas de emprego marítimo sitas nas Casas do Mar de Noia, Boiro, Aguiño e Rianxo, así como persoal dependente.

Esta transferencia ten que posibilitar un impulso e mellora das ensinanzas náutico-pesqueiras nesta comarca da nación, máxime cando existe unha grande actividade neste ámbito. Un impulso que ten que vir da coordinación dos



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

departamentos de educación e pesca, que posibilite unha maior e mellor oferta de ensinanzas náutico-pesqueiras.

Polo dito formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.^a) Cales son as medidas que se van adoptar para mellorar a formación náutico pesqueira na comarca da Barbanza?

2.^a) En que prazos se van executar?

3.^a) Cal é a colaboración que se ten establecido entre as Consellarías de Pesca e Educación a fin de incrementar a oferta de ensinanzas náutico pesqueira?

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2007.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Bieito Lobeira Domínguez

Deputada e deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 16/10/2007 16:43:13

Bieito Lobeira Domínguez na data 16/10/2007 16:43:19